

SERVIZO DE TURISMO

CONCELLERÍA  
DE  
TURISMO E XUVENTUDECONCELLO  
DE VIGO

EXPEDIENTE: 90/142	TIPO EXPTE: XUSTIFICACIÓN SUBVENCIONS NOMINATIVAS
	SOLICITANTE: Concellería de Turismo e Xuventude

Estando incluídas as subvencións nominativas no Plan Estratéxico de Subvencións aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de marzo do ano 2024, modificado en sesión do mesmo órgano o 31 de maio de 2024, os servizo de Turismo, ao efectos de incorporar a identificación xurídica do beneficiario á documentación que conforma o Orzamento 2025, remite a xustificación solicitada das súas subvencións nominativas:

NOME	CIF	CONTÍA	XUSTIFICACIÓN
ASOC. AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS	G27851070	30.000€	dende o ano 2012 se ven organizando a Festa da Brincadeira, sendo en 2019 cando pasa a ser competencia da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas.  O 13 de Maio de 2019, a asociación de veciños desvínculase da organización e faise cargo a Asociación Amigos da Historia de Bouzas e creando así a patente da dita festa
CONFRADÍA DEL SANTÍSIMO CRISTO DE LOS AFLIGIDOS DE BOUZAS	G366901170	50.000€	Organizadores da Festa de Bouzas onde se encadra o acto subvencionado "FESTIVAL POÉTICO PIRO-MUSICAL CIDADE DE VIGO" O Concello de Vigo e a "Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas" dende o ano 1996.
FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU (ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN)	G27722883	275.000€	O fin da FVCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.
FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU (APORTACIÓN)	G27722883	225.000€	A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de



SERVIZO DE TURISMO

CONCELLERÍA  
DE  
TURISMO E XUVENTUDECONCELLO  
DE VIGO

ORDINARIA TRANFERENCIA FINANCIACIÓN)			<p>promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.</p> <p>A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.</p> <p><b>Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :</b></p> <p><b>-Dotación inicial.</b></p> <p>-As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.</p>
UNIVERSIDAD DE VIGO	CONVENIO UVIGOCANDIDATURA A GEOPARQUE MUNDIAL DA UNESCO	50.000€	En data do 16/09/2024, a Concelleira delegada do servizo de Turismo autoriza o inicio do expediente para a elaboración dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para a realización de actividades necesarias para a consolidación da candidatura "Illas Cíes Xeoparque mundial da Unesco, por importe total de 50.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.2279908 "Convenio Uvigo Candidatura a Geoparque" do programa orzamentario do servizo de

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/10/2024 12:27

Páxina 2 de 3

90-142

CSV: A1AA57-E1DF8A-8DEACB-MHJDK7-GDAMBE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE TURISMO

CONCELLERÍA DE TURISMO E XUVENTUDE

CONCELLO DE VIGO



		<p>Turismo para o vixente exercicio económico.</p> <p>Desenvolveranse actividades, programas e recursos educativos nos que se divulgará sobre o patrimonio xeolóxico, natural e cultural do Xeoparque, ademais de programas de difusión e comunicación para chegar a unha audiencia máis ampla. Realizaranse talleres, charlas, conferencias, seminarios e eventos educativos que aborden o patrimonio do arquipélago, sensibilizando ao público para garantir a súa conservación e preservación. Tamén se realizarán visitas guiadas e recorridos interpretativos ofrecendo unha maneira máis dinámica e interactiva de coñecer o territorio e os seus valores. Elaborarase material educativo que proporcionará información sobre o patrimonio, a importancia da conservación e prácticas sostibles. Realizaranse programas educativos en escolas e universidades onde se incluírán visitas de campo, proxectos de investigación e outras actividades prácticas. Lanzaranse campañas de sensibilización a través dos medios de comunicación e redes sociais para fomentar prácticas responsables e inculcar a importancia da conservación e uso adecuado dos recursos entre a poboación e os visitantes do parque. Tamén se involucrará á comunidade local en actividades de voluntariado e educación ambiental.</p>
--	--	--

Vigo, na data da sinatura dixital  
 A técnica de Turismo e Xuventude.-Fátima Dueñas Corchero  
 A Concelleira delegada de turismo e Xuventude.- M<sup>a</sup> Carmen Lago Barreiro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2024 12:27	Páxina 3 de 3
90-142	CSV: A1AA57-E1DF8A-8DEACB-MHJDK7-GDAMBE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		